MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO INTEGRAL "PRETO DE TI" NO EXERCICIO 2026

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O obxecto do presente convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do proxecto integral "Preto de Ti", de cara á realización de actividades dirixidas ás persoas maiores residentes no Concello de Ribadeo, que se desenvolverá nos centros das distintas parroquias do concello.

Trátase dun proxecto para promover o envellecemento activo coa participación activa, loitar contra a soidade non desexada, e eliminar os estereotipos existentes en relación ás persoas maiores residentes no Concello de Ribadeo a través de actividades psicosociais, culturais, físicas e lúdicas.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 73THAhfVgvj1 https://sede.xunta.gal/cve

As actividades constitutivas do proxecto obxecto da concesión da subvención, desenvolveranse dentro do ámbito territorial do Concello de Ribadeo, onde as persoas maiores demandan servizos nas súas parroquias de orixe, a onde se poden desprazar a pé e lles permite ser autónomas para poder participar nelas coa finalidade de fomentar o envellecemento activo, a loita contra a soidade non desexada, a interacción, inclusión e participación de persoas maiores, mediante a realización de actividades socioeducativas e de ocio.

Os obxectivos específicos do proxecto son os seguintes:

-Promover as relacións interpersoais e interxeracionais dinamizando tanto á poboación coma os espazos socioculturais das parroquias do concello de Ribadeo.

-Fortalecer o sentimento de pertenza ao pobo, á comunidade, así como favorecer o coñecemento do medio e as relacións entre as parroquias.

-Potenciar as capacidades creativas mantendo viva a memoria do pobo, a lingua, os coñecementos adquiridos ao longo dos anos, as vivencias, facilitando medios e ferramentas para a súa promoción.

-Vivir un ocio sa, saudable e activo, evitando o sedentarismo e potenciando e promovendo novos hábitos.

-Incrementar os coñecementos e manter as capacidades.

-Impulsar accións formativas, culturais e de desenvolvemento persoal, que eviten o illamento das persoas e favorezan a integración social.

-Aumentar a autoestima persoal que se viu, en moitos casos, afectada pola pandemia; protexendo a integridade e respectando as inquedanzas de cada persoa.

-Fomentar a mellora das condicións físicas e psíquicas das persoas que acoden ás actividades, potenciando as súas habilidades sociais e creando un ambiente confortable no que sexan as verdadeiras protagonistas.

-Axudar na conciliación familiar, propoñendo alternativas de ocio e espazos para toda a familia, mantendo sempre as medidas de hixiene e seguridade da normativa vixente en cada momento.

-Reactivar o medio rural, facéndoo atractivo para o asentamento de poboación no mesmo mediante á implantación de estas políticas de envellecemento activo e do desenvolvemento de actividades que teñen como finalidade mellorar a calidade de vida das veciñas e veciños maiores de 65 anos do concello, na procura de que se manteñan sans e activos,o que fará mais doado a permanencia neste dos que xa son veciños e o asentamento dos novos.

-Facilitar actividades adaptadas ás condicións individuais de cada persoa, de xeito que sexan actividades sen barreiras.

As actividades que se propoñen para este proxecto integral "Preto de Ti" son as seguintes:

a) Actividades lúdico-recreativas e psicosociais: ***mens sana in corpore sano***

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 73THAhfVgyj1 https://sede.xunta.gal/cve

- Actuacións grupais orientadas ao fortalecemento de lazos entre as persoas participantes ao tempo que se lles proporcionan ferramentas para a resolución de conflitos.

- Campionatos de xogos de mesa entre os que os destacan, os xogos de baralla como a brisca e o tute, o dominó, o xogo do "uno" e o scrabel.

- Celebración de días especiais sinalados polo concello, como o Nadal, o Samaín, o Entroido e Ribadeo Indiano entre outros.

- Actividades interxeracionais e desenvolvemento da actividade "Imos Andar".

- Recuperación de xogos populares e tradicionais.

- Práctica de técnicas de relaxación e control da ansiedade.

- Obradoiros de recoñecemento e xestión de emocións.

- Obradoiros de memoria.

b) Actividades lúdico-culturais:

Estas actividades divídense en seis actuacións:

1º Viaxe Cultural :

Están programadas dúas saídas culturais a Santiago de Compostela e a Viveiro para unha cantidade aproximada de 115 persoas. O desprazamento ata alí será en bus, a actividade incluirá o desprazamento e a comida e estanse ultimando visitas guiadas.

2º Actuacións Culturais:

-Obradoiros de música e danza levados a cabo polo músico Mano Panforreteiro no seu proxecto Argadelo co que se pretende achegar a música e a danza ás persoas participantes mediante a práctica de distintos instrumentos musicais nas parroquias de Ribadeo.O dito obradoiro desenvolverase de xaneiro a xullo, unha vez á semana cunha hora e media de duración.

-Cursos de pintura

-Curso de manualidades: impartirase en dúas parroquias durante dous meses, entre os meses de febreiro a maio.

-Curso de cestería: nas instalacións da parroquia de A Devesa entre os meses de marzo a maio.

3º Ximnasia:

Actividades de ximnasia de mantemento e psicomotricidade para persoas maiores de Ribadeo, que terán lugar un día á semana cunha duración dunha hora e quince minutos.

4º Teatro:

Obras de teatro impartidas polo Grupo Adala (Grupo de Fazouro) e o Grupo Pico do Castro. Levaranse a cabo tódalas fins de semana, os sábados, rotando polas parroquias de Ribadeo. Actividade programada de Xaneiro a Decembro.

5º Xuntanza de entroido:

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 73THAhfVgyj1 https://sede.xunta.gal/cve

Para este ano 2026 está prevista, de novo, unha xuntanza coas persoas participantes do programa coa finalidade de celebrar o entroido e fortalecer os lazos da veciñanza, creando un ambiente de fraternidade e evitando a soidade a través dunha actividade festiva e inclusiva compartindo momentos alegres e desfrutando da gastronomía local e tan tradicional en Galicia.

6º Charlas sociosanitarias:

Charlas sociosanitarias dirixidas a persoas maiores representan unha ferramenta fundamental de prevención, información e acompañamento. A través delas facilítase o acceso a coñecementos sobre hábitos de vida saudables, alimentación equilibrada, actividade física adaptada, saúde mental, prevención de enfermidades crónicas, uso adecuado da medicación, prevención de caídas ou recursos sociais dispoñibles. Esta información contribúe a mellorar a autonomía persoal e a capacidade de toma de decisións informadas.

Ademais, este tipo de intervencións favorecen a detección temperá de situacións de risco, illamento social ou vulnerabilidade, permitindo unha actuación preventiva por parte dos servizos sociais e sanitarios. As charlas tamén fomentan a participación activa das persoas maiores na comunidade, fortalecendo as relacións sociais e reducindo o risco de soidade non desexada, un dos factores que máis inciden negativamente na súa saúde física e emocional. Por outra banda, estas iniciativas promoven a educación para a saúde e a corresponsabilidade no coidado propio, reducindo a sobrecarga do sistema sanitario a medio e longo prazo. Informar e capacitar ás persoas maiores contribúe a unha mellor xestión das enfermidades crónicas e a unha utilización máis axeitada dos recursos asistenciais.

Estas charlas serán impartidas por diversos especialistas no ámbito da saúde, co obxectivo de ofrecer unha abordaxe integral e multidisciplinar das principais necesidades das persoas maiores. Participarán profesionais de diferentes disciplinas, tales como persoal médico, enfermaría, psicoloxía, fisioterapia ou nutrición, garantindo así unha visión ampla e coordinada da atención sociosanitaria

Os centros nos que se impartiran as actividades son os que de seguido se relacionan:

-Escola de Arante n.º de participantes: 10

-Escola de Obe nº participantes : 11

-Escola de Vilaframil nº participantes: 19

-Escola de Cinxe nº participantes : 20

-Escola de Rinlo nº participantes: 14

-Escola de Santalla nº participantes : 8

-Escola de Vilaselán nº participantes: 28

-Escola de Ribadeo nº participantes: 31

-Escola das Anzas nº participantes: 13

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 73THAhfVgyj1 https://sede.xunta.gal/cve

-Escola de Remourelle nº participantes: 13

-Escola de Vilela nº participantes: 15

-Escola de Couxela nº participantes: 3

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a contía de **oitenta e cinco mil** (**85.000,00 €**), que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Este financiamento terá vixencia desde o momento da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2026, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026.

O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do proxecto a subvencionar radica na cobertura de servizos sociais públicos actuais. O envellecemento progresivo da poboación, aínda que se enmarca dentro dun proceso global, é unha realidade palpable no concello. Con este proxecto contribuirase ao impulso de políticas de envellecemento activo mediante a realización de actividades que teñen como finalidade mellorar a calidade de vida das veciñas e veciños maiores do concello permitindo que as persoas sigan sans e activas, evitando o deterioro físico e cognitivo, o illamento e a exclusión social.

O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio radica na concorrencia dunha serie de circunstancias sociais, demográficas e territoriais propias do Concello de Ribadeo que determinan a necesidade dunha intervención específica en materia de envellecemento activo e participación social das persoas maiores.

O progresivo envellecemento da poboación ten no municipio unha especial incidencia, nun territorio caracterizado pola existencia de numerosos núcleos rurais e por unha parte significativa da poboación maior vinculada historicamente ao sector agrario. Esta realidade, especialmente no caso de persoas que desenvolveron a súa vida principalmente no ámbito doméstico e rural, pode traducirse nunha menor participación social, redución das relacións interpersoais e falta de hábito de participación en actividades fóra do seu contorno habitual, incrementando o risco de illamento e soidade non desexada.

Neste contexto, o proxecto presenta como elemento diferencial o seu carácter descentralizado, ao procurar achegar actividades de carácter social, cultural, físico e de ocio ás parroquias e aldeas do municipio, complementando a programación existente no núcleo urbano. Esta intervención permitirá, ademais, recuperar e dinamizar o uso comunitario das antigas escolas rurais rehabilitadas, converténdoas en espazos de encontro e participación veciñal.

A actuación incorpora igualmente unha dimensión de preservación do patrimonio cultural e da identidade local mediante a recuperación e transmisión de saberes e actividades tradicionais, como a cestería, o canto e outras manifestacións da cultura popular, facendo das propias persoas maiores transmisoras activas do patrimonio inmaterial do municipio.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 73THAhfVgvj1 https://sede.xunta.gal/cve

As características de Ribadeo permiten, así mesmo, desenvolver un modelo de envellecemento activo estreitamente vinculado ao territorio, aproveitando os seus recursos naturais, paisaxísticos e culturais e favorecendo actividades ao aire libre, a participación social e o ocio activo. A súa condición de porta de entrada do Camiño do Norte, a súa posición como núcleo de referencia comarcal e a concentración de servizos, equipamentos e oferta cultural e de ocio, fan que Ribadeo constitúa tamén un importante foco de atracción para persoas maiores procedentes de concellos limítrofes, que escollen o municipio como lugar de residencia ou destino habitual durante a súa xubilación.

Todo isto configura unha realidade municipal específica na que as políticas de envellecemento activo deben atender non só á idade da poboación, senón tamén á dispersión territorial, ás características do medio rural, ás relacións comunitarias e aos recursos propios do territorio. O proxecto pretende, deste xeito, complementar os servizos sociais públicos existentes, evitando que as persoas maiores das parroquias queden afastadas das oportunidades de participación e favorecendo a súa autonomía, saúde, relación social e permanencia activa na comunidade.

En consecuencia, a singularidade non deriva exclusivamente das actividades previstas, senón da súa necesaria adaptación á realidade social e territorial de Ribadeo e da súa integración cos equipamentos, recursos e políticas municipais existentes. A planificación e execución coordinada destas actuacións desde o Concello permite dar unha resposta unitaria a esta realidade específica e garantir a súa implantación no conxunto do territorio municipal.

Neste sentido, a particularidade das circunstancias concorrentes e a especificidade da entidade responsable da súa planificación e execución permiten fundamentar a dificultade de articular esta actuación mediante unha convocatoria pública ordinaria, xustificando a concesión directa ao Concello de Ribadeo nos termos previstos nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

Asinado por: ACEVEDO PRADO, ANTONIO
Cargo: Director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
Data e hora: 22/09/2026 17:46:11

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 73THAhfVgyj1 https://sede.xunta.gal/cve